

**Clube Marítimo
Deportivo e Cultural**



O GROVE • Nº 36- 1º TRIMESTRE 2015

EDITA: C.M.D.C. BREGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

**ASAMBLEA XERAL
ORDINARIA**

**PATROCINIO DE XUNTA
E ABANCA**

**GALA DO DEPORTE MECO
2015**

**RESULTADOS XADREZ,
PIRAGÜISMO E CAMPIONA-
TO DE ESPAÑA EN SEVILLA**



**DEPORTE
GALEGO**



**GALICIA
SAUDABLE**

//ABANCA



O Breogán entre os patrocinios de equipos de elite galegos da Xunta e Abanca

Un ano máis conformouse que o Breogán vai estar dentro do programa de Patrocinios de Equipos de Alto Nivel, que dende hai uns anos puxo en marcha a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e a Fundación Deporte Galego.

Entramos neste programa grazas aos resultados do equipo senior masculino na temporada 2014; unha vez valorados polos criterios establecidos nos que se teñen en conta os resultados a nivel nacional e tamén a participación internacional.

Este ano entra ABANCA no patrocinio deste programa, no que entraron 100 equipos de toda Galicia e se vai a patrocinar a alta competición, maila base destes equipos.

Por iso, esta temporada, imos levar na equipación deportiva, furgonetas, piraguas, instalacións, etc; as publicidade de: “Deporte Galego”, “Galicia Saudable” e “ABANCA”.



Asamblea Xeral Ordinaria

O venres 26 de febreiro celebramos a Asamblea Xeral Ordinaria correspondente ao presente ano, con unha asistencia de soci@s escasa.

Na memoria de actividades, fíxose un repaso ao realizado pola nosa entidade durante o pasado ano nas principais actividades: piragüismo e xadrez, e de outras como: Cabalgata de Reis, visitas aos colexios para a captación de novos deportistas, Campamento Deportivo de Verán, Regatas do XXVIII Trofeo Con-

cello do Grove, Carreira Popular Festa do Marisco, Xornada de Captación de Fondos, etc.

Asimesmo presentáronse as contas do pasado exercicio, con uns gastos de 83.151,64 € e uns pendentes de pago de 30.065,73 €; que se compensa cos ingresos, pendentes de cobro e saldo en contas; que deu como resultado un superávit a 31 de decembro de 2014, de 978,63 €. Ao mesmo tempo, aprobouse o orzamento para o ano 2015, con uns totais de 85.400 €.



ALEGACIÓN PRESENTADA POLO BREOGÁN AO PXOM

Tal e como foi aprobado nas assembleas extraordinarias convocadas a tal fin, o Breogán presentou unha alegación á aprobación inicial ao PXOM, dentro dos prazos establecidos para a exposición pública.

A alegación refírese ao terreo que Breogán ten no Monte da Vila, presentando tres posibles alternativas para o estudo dos técnicos e dos representantes do Concello.

E, asimesmo, tal e como se aprobou en assemblea, entregouse unha copia da alegación presentada, a todos os partidos políticos con representación na Corporación Local, para o seu estudo e valoración.



Deputación Pontevedra

GALA DO DEPORTE MECO

O Pavillón de Congresos da Illa de A Toxa estivo abarrotado na onceava edición da Gala do Deporte Meco, onde se premiaron @s mellores do ano 2014.

Breogán e @s seus deportistas contaban con varias nominacións en varios apartados; sendo os premiados en varios deles:

MELLOR CLUB: Piragüismo Breogán.

MELLOR DEPORTISTA MASCULINO: Tono Campos.

MELLOR ADESTRADOR: José Luis Otero Padín e Kito Parada, adestradores do Proxecto Olímpico C-2 1.000 m., de Tono Campos e Diego Romero.

MENTIÓN UNHA VIDA ADICADA Ó DEPORTE: Alberto García Besada, fundador do Xadrez Breogán e promotor deste deporte a nivel provincial.

Entre @s finalistas en outras modalidades atopábanse:

Natalia García, Mellor Deportista Feminina.

C-4 Infantil (Camilo Ortíz, Tomás Benavides, David Conde e Eloi Ochoa): Mellor Deportista Promesa Masculino.

XI Travesía da Toxa: Mellor Evento Deportivo.

Piragüismo Breogán: Mellor Traballo coa Base.

Lino Cacabelos: Mellor Adestrador.

E tamén recibiron un diploma @s compoñentes do equipo Infantil que foron Campións Galegos 3.000 m. e, @s compoñentes do equipo Alevín e Benxamín que se proclamaron Campións Galegos da súa categoría.



LISTADO DE AGASALLADOS NA GALA DO DEPORTE MECO 2015

Mellor Deportista Masculino
Mellor Deportista Feminina
Mellor Deportista Masculino Promesa
Mellor Deportista Feminina Promesa
Mellor Club
Mellor Adestrador
Mención Vida Adicada o Deporte
Mención Deporte Alternativo
Mellor Evento Deportivo
Mención Medio de Comunicación
Mellor Patrocinador
Mención Traballo coa Base
Mellor Directiva

TONO CAMPOS
IRENE SÁNCHEZ
EQUIPO XUVENIL C.R. MECOS
SARA DOMÍNGUEZ
PIRAGÜISMO BREOGÁN
J. LUIS OTERO PADÍN e KITO PARADA
ALBERTO GARCÍA BESADA
MECOS FUTBOL GAÉLICO
LUATLÓN
FARO DE VIGO
AUGAS DE MONDARIZ
UNIÓN S.D.
RASOEIRO B.M.



HABITAT

Decoración

Xadrez



A Liga Galega de Xadrez 2015, foi bastante satisfactoria para os tres equipos do Breogán; mantendo, con tranquilidade, a categoría no caso dos equipos Breogán “A” e Breogán “B”; e facendo un moi bo papel no caso do Breogán “C”. **BREOGÁN “A”.**

Un ano máis mantivo a categoría na Primeira División do xadrez galego, disputando a liga no Grupo “B”.

Rematou a temporada no 6º posto da clasificación final entre os doce equipos que formaban o seu grupo, tras gañar dous enfronta-

mentos, empatar tres e sufrir seis derrotas. O que o levou a consecución de 20 puntos que lle deron o sexto posto, empatados a puntos co sétimo clasificado, o Torpedo Gallecia.

BREOGÁN “B”.

Disputou a súa temporada no Grupo “F” da Terceira División Galega. Obtendo un 5º posto na clasificación final entre os once compoñentes deste grupo; posto acadado tras gañar cinco enfrontamentos, tres empates e dúas derrotas; co que sumaron 23,5 puntos.

BREOGÁN “C”

@s máis nov@s fixeron unha temporada moi boa, acadando o Subcampionato do Grupo a da Cuarta División do xadrez galego. Nunha traxectoria espectacular durante a temporada, con sete vitorias e unha derrota; que os levou a sumar un total de 42 puntos.

ESCOLA DE XADREZ.

A Escola de Xadrez segue impartindo a súas clases na tardes dos venres na aula do Pavillón de Deportes Náuticos, actividade que continúa como é habitual, ata o remate do curso escolar.

aínda non nos segues nas redes sociais?

BReOGAN

© GROVE



@CMDCBreogan



facebook.com/BreoganGrove



clubbreogan.org





RESULTADOS XADREZ

PRIMEIRA DIVISIÓN – GRUPO B

BREOGÁN "A"	ESC. TEC. XADREZ	2-2
AJEDREZ SANXENXO	BREOGÁN "A"	2-2
BREOGÁN "A"	EXP REMÓN ESCUDEIRO	1-3
CXF MEDIOLANUM	BREOGÁN "A"	2,5-1,5
BREOGÁN "A"	MERCANTIL RIBEIRA	3,5-0,5
CXF BAÑOS PRINT	BREOGÁN "A"	2,5-1,5
BREOGÁN "A"	MARQUIÑO	2-2
USC XUVENIL	BREOGÁN "A"	2,5-1,5
BREOGÁN "A"	PADRÓN "B"	2,5-1,5
BREOGÁN "A"	XADREZ GALLAECIA	1,5-2,5
TORPEDO GALLAECIA	BREOGÁN "A"	3-1

TERCEIRA DIVISIÓN – GRUPO F

BREOGÁN "B"	LICEO DE NOIA	2-2
EXP C. PONTEVEDRA	BREOGÁN "B"	1-3
BREOGÁN "B"	XADRE RIANXO "B"	3-1
CXF VITALDENT	BREOGÁN "B"	0-4
BREOGÁN "B"	CXF MESÓN DERBY	1-3
CXF LA GOLETA	BREOGÁN "B"	2-2
BREOGÁN "B"	CARPINTERIA YAÑEZ	0-4
EXP Z. INFORMÁTICA	BREOGÁN "B"	0,5-3,5
DESCANSO BREOGÁN "B"		
BREOGÁN "B"	PADRÓN "D"	2-2
HOSTAL MIRAMAR	BREOGÁN "B"	1-3

CUARTA DIVISIÓN – GRUPO A

DESCANSO BREOGÁN "B"		
BREOGÁN "C"	AJEDREZ ALBARIÑO	7,5-0,5
EXP LIMP. S. VICENTE	BREOGÁN "C"	1-7
BREOGÁN "C"	CXF VIAJES OTERO	6-2
CXF CCAROUSA	BREOGÁN "C"	1-7
BREOGÁN "C"	CXF AUT. PEREIRA	7-1
CXF CAF. LEMBRANZA	BREOGÁN "C"	5-3
BREOGÁN "C"	EXP CASIN PONTEVEDRA	3,5-4,5



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com

CLASIFICACIÓN XADREZ

PRIMEIRA DIVISIÓN – GRUPO B

POSTO	EQUIPO	GAÑADOS	EMPATES	PERDIDOS	PUNTOS
1	XADREZ GALLAECIA	11	0	0	35
2	EXP RAMÓN ESCUDEIRO	9	1	1	35
3	CXF MEDIOLANUM	4	4	3	24
4	MARQUIÑO	5	2	4	22
5	AJEDREZ SANXENXO	4	1	6	22
6	BREOGÁN "A"	2	3	6	20
7	TORPEDO GALLAECIA	4	2	5	20
8	ESCOLA T. XADREZ	4	3	4	20
9	CXF BAÑOS PRINT	5	1	5	19
10	PADRÓN "B"	1	3	7	16,5
11	MERCANTIL RIBEIRA	3	2	6	16
12	USC XUVENIL	3	0	8	14,5

TERCEIRA DIVISIÓN – GRUPO F

POSTO	EQUIPO	GAÑADOS	EMPATES	PERDIDOS	PUNTOS
1	CARPINTERIA YAÑEZ	11	0	0	35
2	CXF LA GOLETA	9	1	1	35
3	LICEO NOIA	4	4	3	24
4	CXF MESÓN DERBY	5	2	4	22
5	BREOGÁN "B"	4	1	6	22
6	EXP CID. PONTEVEDRA	2	3	6	20
7	XADREZ RIANXO "B"	4	2	5	20
8	PADRÓN "D"	4	3	4	20
9	EXP. ZOA INFORMÁTICA	5	1	5	19
10	HOSTAL MIRAMAR	1	3	7	16,5
11	CXF VITALDENT	3	2	6	16

CUARTA DIVISIÓN – GRUPO A

POSTO	EQUIPO	GAÑADOS	EMPATES	PERDIDOS	PUNTOS
1	CXF CAF. LEMBRANZA	11	0	0	35
2	BREOGÁN "C"	9	1	1	35
3	XADREZ BUEU "B"	4	4	3	24
4	CXF VIAJES OTERO	5	2	4	22
5	CXF AUT. PEREIRA	4	1	6	22
6	AJEDREZ ALBARIÑO	2	3	6	20
7	EXP CASINO PONTEVEDR	4	2	5	20
8	EXP LIMP. SAN VICENTE	4	3	4	20
9	CXF CCAROUSA	5	1	5	19



PIRAGÜISMO RESULTADOS GALEGOS

Despois de varios controis e probas amistosas organizadas pola Federación Galega de Piragüismo durante os meses de inverno, o 28 de febreiro iniciouse a temporada oficial coa celebración do Campionato Galego de Inverno Individual, que tivo como escenario Verducido.

Nesta competición iniciouse o novo tipo de competición aprobada pola assemblea da F.G.P., na que as clasificacións por clubs realízanse por categorías e por sexos. Nesta primeira regata, Breogán presentou dezoito padexeir@s e obtivo un total de catro medallas, entre as que destacan as do C-1

home senior onde dominaron con claridade Diego Romero e Tono Campos, quen lograron o título de Campión e Subcampión galego nesa orde.

Tamén é de destacar o bo resultado de Natalia Garcia, que se fixo co Subcampionato Galego no K-1 muller senior, por detrás da olímpica, Teresa Portela.

Entre os veteranos tamén tivemos representación e, Rut Otero facíase coa Medalla de Bronce no K-1 muller veterana.

Campionato Galego de Inverno-Barcos de Equipo, Verducido acolleu esta competición o 28 de marzo, onde breogan presentou 6

barcos.

@s senior voltaron a ser os que mellores resultados conseguiron; Tono Campos e Diego Romero impoñíanse no C-2 home senior. E outro tanto facían Natalia García e Tania Álvarez, ao gañar o K-2 muller senior.

En Noia, o 7 de marzo, iniciábase a Liga Galega de Kaiak de Mar-2ª Copa Sipre, onde para esta primeira regata Breogán presentou un equipo formado por dez padexeir@s que obtiveron o mellor resultado por clubs da nosa entidade nesta modalidade, ao rematar na cuarta posición final.

A nivel individual é de destacar:

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



o primeiro posto de Rut Otero no K-1 muller veterana, primeiro posto do K-2 home xuvenil de Edu da Silva e Adrián Otero; segunda posición do K-2 muller cadete con Antía Naveiro e Ángela Rodríguez e o terceiro posto de Tino Rodríguez no K-1 home senior tradicional.

O 29 de marzo tamén se poñía en marcha a competición oficial das categorías infantís, coa celebración da 1ª Regata da Liga Galega de Infantís en Verdusco, na que tamén participaron deportistas da categoría alevín “A”, pero sen puntuar.

A nivel individual destacou a Medalla de Prata de Borja Lamas no C-1 infantil “B” diestro, a Medalla de Bronce de Iván Meis no C-1 infantil “A” zurdo ou a sexta posición de Lucía Devesa no K-1 muller infantil “B”.

Tamén metemos neste apartado, aínda que non é unha competición galega pero si autonómica, o resultado acadado por Pedro Areal no “XXIX Campeonato de Inverno de Castilla y León” celebrado o 8 de marzo, onde se impuxo no C-1 home senior.



ARRAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

**Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión**

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVERNO

Sevilla acolleu un ano máis o Campionato de España de Inverno, os días 21 e 22 de marzo. Neste campionato baixamos un pouco na clasificación final, entre outras cousas, porque contamos con algunhas baixas importantes, como as de Natalia García ou Jacobo Domínguez.

As medallas comenzaron a chegar cos veteranos, Miguel Fernández Castro era Medalla de Bronce no C-1 home veterano (35-39), Pedro Areal tamén era Bronce no C-1 home veterano (45-49); mentras que Rut Otero era cuarta no K-1 muller veterana (35-39).

No campeonato en si destacou a categoría senior da canoa home, encabezados por Tono Campos e Diego Romero, que se proclamaron Campión e Subcampión de España. Na mesma categoría Adrián Fernández foi 21º, Pedro Areal 31º, Miguel Fernández 41º, Sergio Meis 54º e Félix Meis entrou fóra de control.

En muller senior Tania Álvarez non entrou en control, os kaiakistas xuvenís non pasaron o control de 2.000 m., e dos cadetes só pasou o corte Juan Camilo Ortiz, que nna disputa do campionato ocupou o posto 16º.

